

A ESCOLA NOVA ... *tamén entre nós* **(1921-2021)**

**Antón Costa Rico e
Lucía Iglesias da Cunha (Orgs.)**

Santiago de Compostela, 2023

Grupo de Investigación SEPA-Interea da USC



A ESCOLA NOVA ...

**tamén entre nós
(1921-2021)**

**Antón Costa Rico e
Lucía Iglesias da Cunha (Orgs.)**

Santiago de Compostela, 2023


Grupo de Investigación SEPA-Interea da USC

Comisariado:
Dr. Antón Costa Rico

Coordinación:
Dra. Lucía Iglesias da Cunha



A Escola Nova...tamén entre nós (1921-2021) / Antón Costa Rico e Lucía Iglesias da Cunha (orgs.)/ Santiago de Compostela : Grupo de Investigación SEPA-Interea (USC), 2023.



Esta obra finançouse mediante os fondos de investigación do GI SEPA-Interea da USC <https://www.sepa.gal/> e co apoio da Sociedad Española para el Estudio del Patrimonio Histórico Educativo (SEPHE).

Portada. Arquivo: Amis de Freinet.

Deseño gráfico: Alberto R. Rodríguez Pérez

Edición e impresión: Fundación USC. Servizo Integral de Reprografía, Edición e Impresión Dixital

D.L.: C 1377-2023

ISBN: 978-84-09-53437-1

Agradecimentos:

A preparación desta obra, como iniciativa do GI SEPA-Interea (USC) foi posible mediante a contribución experta da Biblioteca da Universidade de Santiago, en particular de Ramón Pazos Ferreiros, director da Biblioteca das Facultades de Psicoloxía e CC. da Educación da USC e da técnica María Rocío Moreiras Plaza.

Varias actividades académicas acompañarán a presente exposición coa colaboración de Vicerreitoría de Estudiantes e Cultura da USC, Consello da Cultura Galega, Nova Escola Galega, Kalandraka Editora e Museo Pedagógico de Galicia.

Índice

Momentos estelares da pedagoxía.....	4
Presentación	6
Obxectivos.....	10
A exposición e o Catálogo	12
SITUANDO AS COORDENADAS: A NOVA EDUCACIÓN	
Unha historia con antecedentes	17
Antecedentes... tamén en Galicia	18
Que cousa era o novo na educación?	19
LIEN: a Liga Internacional das Escolas Novas ou da Nova Educación..	21
<i>Discat a puero magister:</i> Que o profesor aprenda do neno.....	23
Contra a Escola sentada, métodos activos e educación nova	25
O propio da Escola Nova e Activa	26
A LIEN: un movemento plural e accoledor.....	27
Congresos e publicacións periódicas afiliadas á LIEN	29
A dificultade de definir as Escolas Novas e Activas.....	30
A Nova Educación e as coleccións editoriais.....	32
Ensinantes galegos: entre a observación e a práctica	35
Don Gregorio e don Luís Iglesias.....	36
A Escola Nova en Cataluña.....	37
A Escola Nova en Galicia	38
De onte a hoxe	40
LISTAXE DE OBRAS EXPOSTAS	
Sección 1: Antecedentes.....	45
Sección 2: Textos e visións de conxunto contemporáneas.....	46
Sección 3: Países e Nova Educación.....	47
Sección 4: Autores e obras.....	48
Sección 5: Estudos históricos	51
Sección 6: Pegadas históricas.....	52
Sección 7: Edicións actuais en galego	53
Referencias bibliográficas e documentais.....	55
CRÉDITOS FOTOGRÁFICOS E DE ILUSTRACIONES	
	57

Momentos estelares da pedagoxía

José Antonio Caride
Director do Grupo de Investigación
SEPA-Interea da USC



M

ediando os anos setenta do pasado século, as Ciencias da Educación -alentadas polos saberes procurados pola Pedagogía, a Filosofía e a Psicoloxía- tiveron no Pazo de Fonseca, entón sede da súa Facultade na USC, algúns momentos estelares. Unha expresión coa que Stefan Zweig intitularía unha das súas obras más emblemáticas na arte de facer relato literario con acontecementos, aparentemente menores, que marcaron os rumbos da Humanidade: puntos de inflexión nos que a Historia depara instantes, días, horas ou minutos, sublimes e inesquecibles.

Aínda que nos rexistros son pasado, neles sempre habitan oportunidades -ideais, principios, valores... que transitan entre as realidades e as utopías- coas que construír un mellor futuro para as persoas e a sociedade. A miúdo reivindicanse transgresoras, revolucionarias ou reformistas do herdado e co instituído, inspirando modos de pensar, ser e facer, cos que tecer horizontes que vaian mais aló do posible. Cando isto sucede na educación debe celebrarse honrando, tanto como as circunstancias o permitan, a quen -individual e colectivamente- o fai tanxible: dunha banda, eloxiando as súas singularidades; doutra, recoñecéndoas partícipes dun quefacer común.

Nas últimas décadas do século XIX e nas primeiras do XX tivemos unha mostra nas semellanzas e diversidades das chamadas «*escolas novas*», agromando teorías e prácticas dun movemento internacional coligado a prol dunha *Escola* e dunha *Educación Nova*, reivindicada como integral, activa, cooperativa, afectiva, humanista, comprometida, cívica...

Cen anos despois a(s) temos entre nós feita(s) **exposición e catálogo**, co privilexio que supón para un grupo de investigación (SEPA-interea) retornar a Fonseca, abrindo as portas da comunidade universitaria á sensibilidade histórica, pedagóxica e social.

Presentación

Adaptación da Guirnalda con pombo da
paz, (Asociation Amis de Freinet)




N

a alba do século xx, a feminista e educadora sueca Ellen Key daba á luz un texto que era, en certo modo, un manifesto: *O século dos nenos*. Un texto que xa en 1906 tivo unha primeira edición en castelán, cando se estendía en España unha certa influencia da Institución Libre de Enseñanza, co seu recoñecido *Boletín de la ILE* e cando, por outra parte, en Barcelona Francisco Ferrer i Guardia dirixía o colexio La Escuela Moderna: un centro innovador en múltiples sentidos, cun destacado cadre de profesores e profesoras e desde onde, ademais, promovía unha colección editorial destacada en aspectos didácticos e o *Boletín de la Escuela Moderna*.

Ellen Key viña sumarse a algunas das mellores indicacións feitas por Rousseau sobre a educación dos nenos no seu *Emilio* (1762), tomado en consideración, entre outros educadores, por parte de Pestalozzi ou de Tolstoi durante o século XIX.

Baixo influencias combinadas do positivismo físico-natural e do evolucionismo, tanto na súa vertente biolóxica darwiniana, como na vertente social, teorizada por Herbert Spencer coa súa teoría da recapitulación, ensaiábanse novas metodoloxías de carácter científico no campo da fisioloxía, trasladándose paulatinamente aos estudos de psicoloxía experimental, aos estudos sobre a psicoloxía infantil, á nacente psicopedagoxía, que enfatizaba o desenvolvemento da infancia, que viña acompañada, ademais, por estudos antropométricos e psicométricos.

Neste contexto, Key sitúase na corrente de opinión que coñecemos como naturalismo: que sostén a unidade e interrelación dinámica entre a natureza humana e o conxunto da natureza, sendo esta a que proporcionaría a lei procesual e os fins do desenvolvemento, en oposición ás teorías da aprendizaxe derivadas do senso-empirismo de Locke e en contra da anterior escolástica. O naturalismo incitaba a prestar atención ás dotes naturais dos educandos. Neste sentido, a médica e educadora Montessori pretendía liberar o potencial de desenvolvemento das funcións cognitivas de cada neno, mediante o seu autodesenvolvemento activo. Tamén o médico e educador Decroly entendía o desenvolvemento persoal como unha expansión das capacidades infantís para conseguir unha maior perfección global (holística); as persoas estarían dotadas de trazos, de disposicións naturais capaces de determinar o curso da súa existencia e que explicarían as diferenzas individuais, analizadas psicotecnicamente, con ocultación das condicións históricas e sociais, de tanta relevancia para estas mesmas persoas.



Portada T.III, Biblioteca da USC

Porén, a formulación que asentaba sobre un certo determinismo biolóxico, ao que habería que ‘someterse’, encontrou variacións e correccións en distintos autores; así por exemplo, John Dewey rexitou que sexa a natureza, en por si, quen proporcione a lei e o fin do desenvolvemento, co esquecemento dos marcos e dinámicas socio-históricas, que el, en troques, considerou centrais, sendo esta perspectiva a que marcou unha das varias correntes do que se denominará o movemento internacional da Nova Educación.

Falamos dunha corrente que desde finais do século XIX acollía a educadoras e educadores, a médicos e a estudosos da psicoloxía infantil —da que participaba, nalgúnha medida, a Institución Libre de Enseñanza (ILE)— daquela comprometida na apertura de novas rutas para a educación, con oposición ao intelectualismo, ao memorismo, ao autoritarismo moral e ao disciplinarismo, aproximánda, en troques, a unha educación integral, isto é, «intelectual, física, moral e estética», que por iso propoñía a apertura das aulas ás súas contornas naturais e sociais, para facilitar procesos de desenvolvemento da natureza infantil e xuvenil, en interrelación cos demás e coa natureza, mediante metodoloxías didácticas favorecedoras da manipulación, da observación inductiva e da experimentación como vías de implicación activa na aprendizaxe.

Durante as dúas primeiras décadas do século XX unha parte dos máis destacados elaboradores desta corrente de opinión, quer europeos, quer norteamericanos, procederon a incrementar entre eles e elas os contactos, debates e inter-influencias. Foi neste contexto que en 1921 varios deles convocaron un congreso pedagóxico internacional na cidade francesa de Calais, reunindo un conxunto de 150 persoas (cifra que incluía un amplio grupo de profesoras), que se converteu no primeiro Congreso da Escola Nova, ao tempo de formalizarse a creación dunha rede internacional, a LIEN ou Liga Internacional da Educación Nova, organizadora de congresos periódicos internacionais ata 1939, momento de inicio da II Guerra Mundial.

Acompañando a estes Congresos internacionais, que contaron coa presenza de ensinantes españolas, e incluso con anterioridade a eles, foron creándose centros privados de educación que se afirmaban como *escolas novas*, que practicaban os principios da Nova Educación, ao tempo que en varios lugares se emprendían reformas políticas da educación coa intención de promover igualmente estes principios, como foi o caso, entre outros, da política educativa emprendida en España durante o primeiro Bienio da II República, na Francia republicana de mediados dos anos 30 ou en Cataluña no tempo da guerra española do 36.

Esta mobilización educativa sostíñase con dinamismo a través da investigación didáctica e pedagóxica realizada nunha parte das *escolas novas*, por medio da constante elaboración teórico-práctica que levaron a cabo máis dunha ducia de grandes figuras (educadoras, médicos, psicólogas...), feita pública a través dun notable número de monografías e ensaios, así como por medio das novas publicacións periódicas de educación, como *Pour l'Ère Nouvelle*, ou a *Revista de Pedagogía*, no caso español.

Este movemento internacional sentiuse no Estado español, onde un número apreciable de educadores e de educadoras se sentiu


implicado, en particular entre os anos dez e final dos trinta do século XX. Algunos dos impulsores más ilustres foron Domingo Barnés —desde a cátedra de Paidoloxía da Escola de Estudios Superiores del Magisterio en Madrid—, Anselmo González ou Lorenzo Luzuriaga, e canda eles unha sobresaliente nómina de homes e mulleres educadoras que se converteron en referentes da transformación escolar¹, áinda ben obedecendo a orientacións teóricas diversas: entre o neo-humanismo, o neo-idealismo, o pragmatismo deweyano e o reformismo socialista.

O franquismo paralizou, en particular ata a fronteira dos pasados anos sesenta², a maior parte deste impulso, por consideralo ‘estranxeirizante, liberal, masónico ou gravemente pernicioso’, e houbo que agardar aos pasados anos setenta para que no noso panorama educativo, ao tomar distancia crítica con respecto aos supostos condutistas da aprendizaxe e da formación, se recuperase, con lecturas e orientacións actualizadas, unha parte significativa daquel patrimonio histórico-pedagógico, en diálogo coas orientacións socio-cognitivas, chegando á actualidade con distintas transformacións.

A Exposición e as actividades que se propoñen queren presentar unha mostra significativa de tal patrimonio, que tamén incidiu en Galicia e na nosa historia contemporánea da educación.

Contra as violencias, sementar, mediante a educación, a arela permanente da paz e da dignidade.

A pomba coa oliveira foi un símbolo habitualmente presente no quefacer da Educación Nova e así queda reflectido tamén aquí.



1 Pozo Andrés, M. D. M. D. e Braster, S. (2012). El movimiento de la Escuela Nueva en la España franquista (España, 1936-1976): repudio, reconstrucción y recuerdo. *Revista Brasileira de Historia da Educação*, 12(3), pp. 15-44.

2 Como a que figura en AAVV (1936). *Libro-guía del Maestro; los problemas y los órganos de la enseñanza primaria. Didáctica de todas las materias. Obras alrededor de la escuela*. Espasa Calpe.

Obxectivos



- 1º. Promover a curiosidade intelectual, a información e o coñecemento arredor do que foi o movemento internacional da Escola ou Educación Nova, con ocasión de cumprirse en 2021 o Centenario da creación da LIEN como rede internacional para a renovación da educación.
- 2º. Favorecer un achegamento sensible a algúns dos textos, experiencias e imaxes relacionadas coa Nova Educación.
- 3º. Ser ocasión para xerar algúns espazos de información, de esclarecemento e de debate sobre os principios, ideas e realizacións da Nova Educación.
- 4º. Sinalar algúns dos ecos e experiencias galegas ou promovidas por educadoras e educadores galegos en sintonía coa Nova Educación, neste caso marcando algún contraste coa experiencia máis avanzada de Cataluña.
- 5º. Observar continuidades/descontinuidades, reformulacións e novas expresións da Nova Educación actualmente entre nós.

A exposición e o Catálogo



A

exposición documental e gráfica, da que este Catálogo quere deixar constancia, compõe de cadros informativos e dunha exposición bibliográfica, na que se recollen ao pé de cento trinta títulos de obras agrupadas en sete categorías de observación, con maior atención aos protagonistas e pioneiros e aos territorios contextuais onde os seus influxos foron más notados. Ao presentar esta exposición en Galicia pareceu que non carecería de interese aludir a algúnsa comparativa coa experiencia catalá, un espazo máis articulado social e políticamente, con maior consciencia cultural urbana e con maior proximidade xeográfica aos laboratorios da Nova Educación que, daquela, se situaban en París, Bruxelas, Roma, Milán, Xenebra ou en Berlín.

Estes textos, que podemos ver editados en diversas linguas, aínda que con dominancia do español, son expresión do movemento internacional da Nova Educación, ou en todo caso mostra da preocupación histórica suscitada entre nós por este movemento. Sorprende a relativa rapidez coa que un número non menor de textos editados orixinalmente en francés, en italiano, en inglés ou en alemán, foron traducidos ao español, como síntoma dun estado de opinión e dunhas demandas de modernización vividas pola sociedade e o mundo escolar (incluídas as Escolas de Maxisterio), en particular durante as décadas vinte-trinta.

A exposición, e así se recolle neste Catálogo, inclúe, alén da información escrita e da selección de textos, diversas imaxes gráficas, téndose privilexiado aquilo que mostra proximidade temporal coas catro primeiras décadas do século xx. Aínda ben, tamén se presentan algunas referencias que permiten establecer conexións entre o pasado e o presente.

Expóñense materiais representativos, valéndose dos propios fondos documentais presentes nas coleccións da Biblioteca da USC (en parte procedentes, no que corresponde a ediciones das primeiras décadas do século xx, das bibliotecas das Escolas Normais ou do Maxisterio de Lugo e de Santiago) e do fondo reunido ao longo de varias décadas polo profesor Antón Costa Rico. O persoal técnico da Biblioteca das Facultades de Psicoloxía e Ciencias da Educación achega as descripcións bibliográficas destes materiais, ampliadas neste catálogo nunha relación bibliográfica enriquecida con datos adicionais relacionados coa comunicación científica.

Era propósito celebrar esta exposición na fin de 2021 correspondendo expresamente ao Centenario que se indica; mais as derivacións da pasada pandemia trouxeron ata 2023 a súa plasmación física. Coincide agora coa celebración dos 40 anos da creación da asociación e movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega; é oportuno salientar que esta denominación non se sabería explicar sen esa referencia internacional da Nova Educación, que xa sentiron en Galicia desde o inicio do século xx algúns e algunas destacadas docentes.

Antón Costa Rico e Lucía Iglesias da Cunha.

SITUANDO AS COORDENADAS: A NOVA EDUCACIÓN



Unha historia con antecedentes



Unha representación iconográfica de Rousseau educando na natureza.



A pesar de Rousseau, o habitual no XIX foi a instrucción disciplinada, como salienta esta imaxe dunha escola francesa.

Jean-Jacques Rousseau, en *Emile, ou de l'education* (1762) trazaba un antes e un despois no modo de pensar a educación infantil.



Educadores e pensadores posteriores como Pestalozzi, o creador da escola primaria popular, Fröbel e Madame Pape-Carpentier no ámbito da educación infantil e dos xardíns de infancia, H. Spencer coa súa apelación á educación científica experimental, os investigadores —baixo influencia evolucionista— sobre a psicoloxía infantil e a fisioloxía, con atención aos aspectos médicos e hixienistas...e os reformadores e reformadoras sociais do XIX foron abrindo as novas perspectivas. Unha múltiple e diversa corrente de opinión favorable a ver doutro xeito a educación infantil.

Así o expresou Giner de los Ríos, o impulsor da Institución Libre de Enseñanza, no discurso de apertura do curso 1880-81:

«Transformad esas antiguas aulas; suprimid el estrado y la cátedra del maestro, barrera de hielo que lo aísla y hace imposible toda intimidad con el discípulo [...]. Romped esas enormes masas de alumnos, por necesidad constreñidas a oír pasivamente una lección, o a alternar en un interrogatorio de memoria [...]. Sustituid todos esos elementos clásicos por un círculo poco numeroso de escolares activos, que piensan, que hablan, que discuten, que se mueven, que están vivos, en suma [...]. Hacedles medir, pesar, descomponer, crear y disipar la materia en el laboratorio; discutir, como en Grecia, los problemas fundamentales del ser y destino de las cosas; sondear el dolor en la clínica, la nebulosa en el espacio, la producción en el suelo de la tierra, la belleza y la Historia en el museo; [...] que reduzcan a sus tipos los organismos naturales, que interpreten los textos, que inventen, que descubran, que adivinen nuevas formas doquiera... Y entonces, la cátedra es un taller, y el maestro, un guía en el trabajo; los discípulos, una familia; el vínculo exterior se convierte en ético e interno; la pequeña sociedad y la grande respiran un mismo ambiente; la vida circula por todas partes, y la enseñanza gana en fecundidad»³.

³ Giner de los Ríos, F. (1933). *Estudios sobre educación. Obras completas*, tomo VII. Espasa-Calpe, pp. 34-35.

Antecedentes... tamén en Galicia



A cidade de Pontevedra tivo unha certa vitalidade pedagóxica nas décadas finais do século XIX, con varios congresos e varias publicacións periódicas de ensino.

Con orixinalidade e perfecta consciencia falara o Padre Sarmiento da educación de nenos e mozos nas décadas centrais do século XVIII. E, pola súa parte, os ecos de Rousseau, *en miettes* — como pequenos apuntes — ou por enteiro, deberon chegar a algúns lectores galegos, como nos fixeron saber Borrow e algunas actas da Inquisición. O *Emilio* e o *Contrato Social*, áinda que lecturas ‘prohibidas’ ou semi-prohibidas, segundo os momentos, andaron nas mans de liberais e masóns galegos e entre os que coidaron da insegura chama da Primeira Internacional, desde Ferrol, A Coruña, ... A historia do XIX en Galicia e a acontecida entre Galicia e América danos nomes de homes e mulleres — coas nosas *grandes* e a condesa de Espoz y Mina —, que áinda non sendo numerosos, permiténnos saber e intuír que os textos de educación e sociolóxicos que aireaban *o novo* andaban por fortuna entre nós.


Un exemplo, entre outros, está nas palabras de 1887 de Enrique García, o director da Escola Fröbel de Pontevedra, cando indica:

«En las escuelas froebelianas se investiga, se observa, se compara, se analiza y después se juzga y se interroga, siendo la respuesta final el resultado de los raciocinios formados sobre el objeto mismo [...]»


La educación o la enseñanza es nula si se le impide al niño moverse libremente en la esfera de su acción, violentándole, oprimiéndole y coartando su libertad, porque la violencia engendra el odio, la mentira y la aversión; la opresión supone la negación del afecto, y la privación de la libertad anonada, debilita y llama siempre a la fuerza y a la resistencia, justas porque la libertad cae bajo las leyes del derecho y sagradas porque el hombre fue creado para la libertad. En toda buena educación, en toda verdadera enseñanza deben ser, pues, aseguradas en el niño, la libertad y la espontaneidad».⁴

⁴ García, E. (1887). *Fröbel y su sistema de educación*. Imprenta de la Vda. e Hijos de Madrigal, pp. 14-15.

Que cousa era o novo na educación?



Roger Cousinet, un dos nomes maiores da Escola Nova, foi tamén difusor dos seus principios, orientacións e metodoloxías, con textos de síntese difundidos en varios idiomas.



En certo modo, mudar a posición dos actores (mestres e alumnado, en primeira instancia), facéndoo con *optimismo pedagóxico*, isto é, cunha confianza extrema na forza da educación para o logro de reformas sociais de diverso alcance.

En palabras de Roger Cousinet (1881-1973), unha das figuras da Escola Nova:

«A educação nova reside na substituição do ensinamento do professor pela aprendizagem do aluno [...] Aprender em toda a sua singularidade e complexidade os problemas que se lhe põem e cuja solução interessa ao aprendiz; é procurar resolver estes problemas graças a sua atividade pessoal e utilizando os métodos ativos»⁵.

Opoñéndose ao memorismo e ao dogmatismo, así como ao formalismo didáctico instrutivo, presente por exemplo nas orientacións pedagóxicas de Johann F. Herbart, autor de grande resonancia decimonónica, a nova educación «reivindica a significación, o valor e a dignidade da infancia, céntrase nos intereses infantís e aspira a fortalecer a súa actividade, liberdade e autonomía».

Esa muda de posición, ao darlle maior relevancia a actividade de aprendizaxe infantil, mediante a observación, a experimentación e a libre expresión é visible desde o primeiro momento en que se decide alcumar unha escola (privada) como *new education* —por volta de 1889 en Inglaterra, nacía a New School de Abbotsholme—, mais conformarase a través dun proceso de elaboración colectiva ao longo de varias décadas. Naquel *fin de siècle*, co auxilio da prensa escrita e de viaxes de información e intercambio, deuse unha fértil interrelación entre varias das nacentes *new schools* inglesas e das *écoles nouvelles* francesas, entre elas a École de Roches, con outras experiencias alemás e suízas: en relación con isto, o filósofo espiritualista e educador suízo Adolphe Ferrière creou en 1899 unha Oficina das Escolas Novas.

Un *nodo* dunha incipiente rede, alimentada coa edición de libros e textos escritos por unha médico, María Montessori desde Roma, un psicólogo experimental, Edouard Claparède, desde Xenebra, o educador Ovide Decroly, estudoso desde Bruxelas das problemáticas agrupadas na chamada *educación de anormales* (logo denominada 'Educación Especial', e actualmente 'Educación de necesidades

⁵ Cousinet, R. (1978). *A Educação Nova*. Moraes editores, p. 7.



L'Ecole de Roches é un edificio representativo do tipo de edificios que acollerón diversas e prestixiadas Escolas Novas en distintos lugares de Europa. Abeiradas ao edificio central situábanse algunas edificacións complementarias para acoller talleres ou algúns animais de granxa.

educativas específicas') e un filósofo da educación norteamericano, John Dewey, motor dunha *new school* na Universidade de Chicago, entre algunas outras personalidades. Educadoras, médicos, hixienistas, psicólogos... preocupados polo estudio, a investigación e o coñecemento da infancia e da mocidade e pola súa saúde física, moral e intelectual, o que, por exemplo, daba lugar as experiencias de colonias escolares, como as que se iniciaran en Santiago de Compostela en 1893, seguindo logo desde o comezo do século xx as cidades da Coruña e de Vigo e áinda a de Pontevedra. Ás portas de comezar «o século dos nenos», como a sueca Ellen Key batizou o novo século xusto no seu ensaio de 1900.

LIEN: a Liga Internacional das Escolas Novas ou da Nova Educación



Con ocasión do Congreso celebrado en Locarno (Suiza) en 1927 reuníronse nesta foto os pioneiros europeos da Educación Nova, Decroly, Bovet, Beatrice Ensor, Claparède, Geheeb e Ferrière (de esquerda á dereita).

**Ligue International pour L'Education Nouvelle,
New School Fellowship
Progressive Education, Escola Nova,
Reformpädagogik**

A incipiente rede xenebrina sufriría a parálise durante a Gran Guerra (1914-1918), pero aviveceuse de camiño: en 1921 celebrábase na cidade francesa de Calais un congreso que reuniu a educadores e unha porción non menor de educadoras que aprobaron a creación da LIEN: A Liga Internacional para a Educación Nova; xerouse unha comisión directiva (coa educadora inglesa Beatrice Ensor, o suízo Adolphe Ferrière e a educadora alemá Elisabeth Rotten); formalizouse un «movemento internacional de Escolas Novas», e xunto á dinamización de diversos órganos de prensa pedagóxica, impulsaríase o desenvolvemento de congresos, a elaboración de

LIQUE INTERNATIONALE POUR L'ÉDUCATION NOUVELLE

FONDÉE AU CONGRÈS DE CALAIS LE 6 AOUT 1921, ET RATTACHÉE AU BUREAU INTERNATIONAL
DES ÉCOLES NOUVELLES, CRÉÉ A GENÈVE EN 1899

I. — PRINCIPES DE RALLIEMENT

1. — Le but essentiel de toute éducation est de préparer l'enfant à vouloir et à réaliser dans sa vie la suprématie de l'esprit; elle doit donc, quel que soit par ailleurs le point de vue auquel se place l'éducateur, viser à conserver et à accroître chez l'enfant l'énergie spirituelle.

2. — Elle doit respecter l'individualité de l'enfant. Cette individualité ne peut se développer que par une discipline conduisant à la libération des puissances spirituelles qui sont en lui.

3. — Les études et, d'une façon générale, l'apprentissage de la vie, doivent donner libre cours aux intérêts innés de l'enfant, c'est-à-dire ceux qui s'éveillent spontanément chez lui et qui trouvent leur expression dans les activités variées d'ordre manuel, intellectuel, esthétique, social et autres.

4. — Chaque âge a son caractère propre. Il faut donc que la discipline personnelle et la discipline collective soient organisées par les enfants eux-mêmes avec la collaboration des maîtres; elles doivent tendre à renforcer le sentiment des responsabilités individuelles et sociales.

5. — La compétition égoïste doit disparaître de l'éducation et être remplacée par la coopération qui enseigne à l'enfant à mettre son individualité au service de la collectivité.

6. — La coéducation réclamée par la Ligue, — coéducation qui signifie à la fois instruction et éducation en commun, — exclut le traitement identique imposé aux deux sexes, mais implique une collaboration qui permette à chaque sexe d'exercer librement sur l'autre une influence salutaire.

7. — L'éducation nouvelle prépare, chez l'enfant, non seulement le futur citoyen capable de remplir ses devoirs envers ses proches, sa nation, et l'humanité dans son ensemble, mais aussi l'être humain conscient de sa dignité d'homme.

II. — BUTS DE LA LIGUE

1. — D'une façon générale la Ligue s'efforce d'introduire à l'école son idéal et les méthodes conformes à ses principes.

2. — Elle cherche à réaliser une coopération plus étroite : d'une part, entre les éducateurs des différents degrés de l'enseignement, d'autre part entre parents et éducateurs.

3. — Elle se propose d'établir, par des congrès organisés tous les deux ans, et par les revues qu'elle publie, un lien entre les éducateurs de tous les pays qui adhèrent à ses principes et visent des buts identiques aux siens.

4. — Il n'y a pas de cotisation. L'abonnement à la revue « Pour l'Ere Nouvelle » implique l'adhésion à la Ligue. Il suppose donc l'adhésion à ses principes de ralliement, tout au moins à titre d'orientation générale.

Ceux de nos abonnés qui désirent n'être pas comptés parmi les membres de la Ligue sont priés simplement d'en aviser la rédaction.


Os sete principios de adhesión trazados en Calais en 1921, que se ampliaron no congreso de Niza de 1932, marcaron a orientación xeral da LIEN.

informes e doutras publicacións e a súa tradución a diversas linguas. Cunha importante edición española e con referencias en portugués.

Este impulso tivo o seu traslado a un número crecente de escolas e centros creados con esa referencia ao *novo*, acollendo un maior protagonismo do alumnado nos procesos de aprendizaxe intelectual, físico, moral, ético e estético.

Esta orientación iría chegando, por diversos camiños, ao profesorado das escolas públicas: en España, singularmente, a través da *Revista de Pedagogía*, que dirixía Lorenzo Luzuriaga, ata o seu exilio político como consecuencia do golpe de estado franquista e da guerra; en Galicia, a través das páxinas de educación de *Faro de Vigo* e de *El Pueblo Gallego*, co mestre Apolinario Torres (fusilado en 1936), como impulsor.

Discat a puero magister: Que o profesor aprenda do neno



Como sinalaron Dewey, desde América, e en 1912 Claparède, o psicólogo da educación que ideou a creación do Institut Jean-Jacques Rousseau en Xenebra —a modo dun laboratorio de renovación educativa e centro de formación, con alcance transnacional, que promovía unha atenta pedagoxía experimental sobre a base dunha psicoloxía funcional⁶—, o incipiente movemento de «escolas novas» —coas súas novas prácticas educativas e didácticas, novas formulacións e coa nova organización escolar que propoñían— supoñía unha ‘revolución copernicana’ na educación, isto é, unha ruptura epistemolóxica, ideolóxica e asiolóxica.

Como expresou Adolphe Ferrière:


«A criança adora a natureza: encerraram-na por isso dentro das aulas. A criança gosta de brincar: obrigaram-na a trabalhar. Quere que a súa actividade tenha uma finalidade concreta e fixose de forma que non tivera ningún fin. Góstalle moverse: obrigárona a estar queda. Gosta de palpar obxectos: puxeran-na em contacto com ideas. Quere servir-se das maos: é só o cérebro que lhe pôem em jogo. Gosta de falar: impôenlle o silêncio. Querería razonar: costramgen-na a exercícios de memória. Pretende buscar a ciéncia: serviron-lha ja feita. Desejaría seguir a sua fantasia: facem-na vergar sób o jugo do adulto. Querería entusiasmar-se: inventaram-se os castigos. Querería servir libremente: ensinóuselhe a obedecer pasivamente. *'Simul ac cadaver'*. [...] Leitor, se ainda encontrares dessas gaiolas á moda antiga, sacode o magister na sua cátedra, desperta-o e dize-lhe que os tempos são outros, que se está perpetuando un anacronismo⁷.

⁶ Un laboratorio pedagóxico, coa compañía da Maison des Petits, e espazo formativo nas ciencias da educación, que son reivindicadas en plural desde Xenebra, na procura de dar resposta tanto á necesidade de observar e de coñecer a natureza singular das crianzas para poder educalas, como á necesidade de tomar conta das súas necesidades e intereses. O Institut asumiña unha notable centralidade canto ao estudo da infancia, como se puxo de relevo por parte de numerosos estudos.

⁷ Ferrière, A. (1928). *Transformemos a escola. Apelo aos pais e às autoridades*. Livraria Francesa e Estrangeira Truchy-Leroy, pp. 12-13 e 16. Fixose pola nosa parte unha pequena revisión da tradución a partir do texto orixinal francés [Transformons l'école: quelques directives pour les parents et les éducateurs].



La Maison des Petits, isto é, A Casa dos Nenos, en lembranza de María Montessori, foi o centro habitual e próximo de experimentación pedagóxica que en Xenebra estaba conectado co Institut J.J. Rousseau. Casa visitada por numerosos grupos de docentes españoles e situada baixo a dirección de Pierre Bovet e de Alice Descoeuilles. O mesmo aconteceu de seguida coa École du Mail, tamén creada en Xenebra, baixo o impulso de Robert Dottrens




Comprendendo mediante a acción.



O reparto de tarefas para un proxecto de aprendizaxe común.



Ensaiando destrezas de aprendizaxe.



A clase en acción e resolvendo interrogantes e problemas.

Contra a *Escola sentada*, métodos activos e educación nova

Con educadores e educadoras que se poñen a altura dos nenos e das nenas, porque a aprendizaxe da convivencia é tarefa que a Escola Nova afronta.



Por mor da insatisfacción que causaba entre diversos sectores sociais a imaxe da *escola sentada*, obediente e disciplinada, sen agardar polo movemento da Escola Nova, xa viña habendo mostras de «activismo didáctico» en distintos lugares desde finais do século XIX, pero o que coñecemos como movemento internacional da Escola Nova e Activa, que existiu e se expresou desde a alba do século XX, — unha «revolución copernicana» na educación— viña ser algo distinto, se o examinamos na plenitude dos seus significados. Expresou nos anos 20 Adolphe Ferrière que os métodos activos eran un procedemento didáctico máis para que o alumnado asimilara un contido escolar establecido de antemán», pero

«La escuela no es activa porque el niño se mueva haciendo los ejercicios que, preparados por sus maestros desarrollan el programa, sino que es activa cuando es vital, cuando en ella el niño, como agente y sujeto principal, desenvuelve su vida plena y armónicamente, con autonomía, con libertad, en un ambiente adecuado en el que nacen espontáneamente sus intereses y donde hallan cumplida satisfacción, gracias a la cooperación y solidaridad de alumnos y maestros»⁸.

Isto significa poñer o neno no centro das aprendizaxes, partir do concreto e favorecer a auto-aprendizaxe, é dicir, basear as adquisicións escolares sobre o seu desenvolvemento, concibindo a transmisión como unha extensión da experiencia infantil que é punto de partida; poñer o neno no centro dos procesos educativos e establecer a continuidade entre o desenvolvemento orgánico, o psíquico e o intelectual, a través da actividade infantil (mental e física), porque as persoas *actúan* (sinalou William James) e experimentan, en lugar de ser *res cogitans*, como indicara Descartes.

⁸ Ferrière, A. (1928). *La ley biogenética y la escuela activa*. Publicaciones de la Revista de Pedagogía, p. 20.

O propio da Escola Nova e Activa

É difícil resumir as teses da Educación Nova. En todo caso hai nela como corrente teórica pedagóxica varios principios centrais:

- Educación integral e vital (física, moral, intelectual, espiritual, emocional e estética).
- Unha educación funcional e á medida que sitúa a centralidade de quen aprende, dos seus intereses (unha palabra non exenta de ambigüidades) e necesidades: a substantividade da infancia.
- A incorporación de métodos didácticos activos.
- O respecto á individualidade da persoa.
- A corresponsabilidade no establecemento de normas de vida, ao servizo da colectividade, cun sentido de comunidade.
- A coeducación e colaboración entre alumnas e alumnos.

Son os principios que nos traslada a Declaración asinada en 1921, á que se viu engadir no Congreso de Niza de 1932 o seguinte: «A educación nova prepara no neno non só o futuro cidadán, capaz de cumplir cos seus deberes con respecto aos próximos e con respecto á humanidade no seu conxunto, senón tamén o ser humano consciente da súa dignidade humana».


Esta práctica de principios debería propiciar un clima acolledor de escola, como expresaba Miss Ensor:

«En todas estas escuelas se encuentra entre los niños una mayor alegría de vivir, más iniciativa, más imaginación y una inteligencia más abierta, porque la base de su educación es el desarrollo de los poderes internos y no la enseñanza de un cierto número de hechos relativos a un determinado número de materias»⁹.

⁹ Sánchez Sarto, L. (ed.) (1936). La Escuela Nueva, en *Diccionario de Pedagogía*. Labor, T. I, p. 1196.

A LIEN: un movemento plural e acolledor

O Congreso de Locarno (1927) rexistrou un alto número de participantes.



Pour l'Ère Nouvelle, baixo a dirección de Ferrière, foi o órgano de conexión de maior trascendencia en Europa.

Co trasfondo dos principios xerais aludidos, Adolphe Ferrière, ofreceu en 1915 unha proposta e escala de 30 puntos ideais, que habería de reunir a mellor posible Escola Nova, e sinalou algunas das Escolas Novas que máis se aproximaban a ese cumprimento, como era o caso da escola dirixida en Bélgica antes do inicio da Grande Guerra polo educador portugués Faria de Vasconcelos. O certo é que houbo ata o inicio da II Guerra unha ampla variedade de situacóns de escolas novas canto ao cumprimento.

Pola súa parte, Lorenzo Luzuriaga desde España procedeu en 1928 a establecer uns algo modificados 30 puntos pensados para a Nova Escola Pública (que publicou no nº 40 de *Pour l'Ère Nouvelle*)¹⁰, que agrupou arredor dos seguintes elementos:

A escola pública renovada é un laboratorio de pedagogía experimental:

- A. Goza dunha ampla autonomía no seo da organización do ensino oficial e ensaia os novos métodos pedagóxicos antes de que estes sexan aplicados nas demais escolas públicas.
- B. Apóiese sobre os datos da psicoloxía infantil e sobre as demais ciencias que fundamentan a pedagogía (filosofía, socioloxía, bioloxía).

¹⁰ Luzuriaga, L. (1928). Les trente points caractéristiques de l'École publique rennovée, *Pour l'Ère Nouvelle*, 40, p. 146. Luzuriaga fixo unha tradución ao español que publicou en 1965 na editorial Losada co título *La Escuela Nueva Pública*.

LIQUE INTERNATIONALE POUR L'ÉDUCATION NOUVELLE

FONDÉE AU CONGRÈS DE CALAIS LE 6 AOUT 1921

SECRÉTARIAT GÉNÉRAL :

New Education Fellowship. — 11 Tavistock Square, Londres W. C. I. (Miss Clare SOPER).

COMITÉ EXÉCUTIF INTERNATIONAL

Présidente : Mrs Beatrice ENSOR (Angleterre). — Mme Elisabeth ROTTEN (Allemagne). — M. Ad. FERRIERE (Suisse).

REVUES :

ALLEMAGNE, AUTRICHE ET SUISSE ALLEMANDE : *Das Werdende Zeitalter*, Mme E. ROTTEN et Dr Karl WILKE, Kohlgraben bei Vacha (Rhön), Allemagne.

